

DECRETO 57/2014, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.

(DOG Núm. 101 do 28 de maio de 2014)

- Qué é? O Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, creado pola Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, é un órgano colexiado, independente e aberto a todas as asociacións xuvenís de carácter autonómico e que reforza e impulsa a participación da mocidade e da sociedade civil nos temas de interese para a xuventude. Polo tanto, é un órgano de participación, representación e consulta das políticas da Xunta en materia de xuventude.
- Fins do Consello Asesor e Consultivo:
 - ✓ Representar a xuventude galega
 - ✓ Emitir os informes que afecten a xuventude e lle sexan solicitados polo Comité Galego de Políticas de Xuventude ou polo órgano de dirección competente en materia de xuventude.
 - ✓ Emitir informe sobre o impacto na xuventude dos proxectos de disposicións normativas promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que afecten a mocidade.
 - ✓ Analizar a situación da xuventude en Galicia, facilitando así a toma de decisións, e especialmente as problemáticas que incidan maiormente na xuventude galega, a través do Observatorio Galego da Xuventude.
 - ✓ Elevar anualmente ao Parlamento unha memoria en que se reflicta a situación da xuventude como grupo social e, ao tempo, propoñer as medidas legais que xulgue necesarias.
 - ✓ Contribuír á institucionalización do movemento asociativo xuvenil de Galicia, consolidando, por un lado, o xa existente e, por outro, promovendo a creación de asociacións xuvenís de distinta natureza.
 - ✓ Garantir a participación activa e dinámica da xuventude en todas as ordes da vida social, educativa, laboral, política, económica, deportiva, de lecer, de tempo libre e cultural de Galicia.
 - ✓ Representar a xuventude de Galicia no Consello da Xuventude de España, así como noutros organismos de ámbito estatal, europeo e internacional.
 - ✓ Establecer relacións de cooperación e colaboración con outros consellos da xuventude do Estado.
 - ✓ Elevar propostas de acción á consellería competente en materia de xuventude.
 - ✓ Defender os intereses da xuventude presentando ante os organismos públicos e privados.

- Composición: poderán ser membros do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia
 - ✓ As asociacións xuvenís de calquera natureza legalmente constituídas que, figuren rexistradas e clasificadas no Rexistro de Entidades Xuvenís de Galicia como asociacións de ámbito autonómico.
 - ✓ As federacións, confederacións ou unións de asociacións xuvenís inscritas no Rexistro de Entidades Xuvenís de Galicia, de ámbito estatal, autonómico ou local, compostas, como mínimo, por tres asociacións con organización e implantación propia en Galicia.
 - ✓ Os consellos locais de xuventude.
 - ✓ As seccións ou organizacións xuvenís dos partidos políticos.
 - ✓ As seccións ou organizacións xuvenís dos sindicatos e asociacións empresariais.
 - ✓ As organizacións estudantís que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - ✓ As seccións xuvenís das demais asociacións de ámbito autonómico de calquera natureza que figuren rexistradas e clasificadas no Rexistro de Entidades Xuvenís de Galicia, sempre que estatutariamente teñan recoñecidas autonomía funcional, organización e goberno propio para as materias especificamente xuvenís.

- Organización:

- ✓ Órganos colexiados:

1. A Asemblea Xeral: integrada por todos/as os/as membros do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia. O número de representantes de cada entidade na Asemblea Xeral será determinado pola propia Asemblea tendo en conta criterios obxectivos e equitativos, cun máximo de tres representantes por entidade. En todo caso, deberán ter unha idade comprendida entre os 14 e os 30 anos.
2. O Observatorio Galego da Xuventude, que actuará como comisión permanente: estará formado polas persoas titulares da Presidencia, Vicepresidencia e Secretaría do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia, así como por nove vogais elixidos/as por e de entre os/as membros da Asemblea Xeral, que deberán nomear tamén outras tantas persoas substitutas para o caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa xustificada. Os/as vogais do Observatorio poderán delegar o voto, de xeito individualizado para cada xuntanza, noutro/a vogal do Observatorio, sen que en ningún caso un/unha único/a vogal poida ter máis dun terzo dos votos. Esta delegación deberá ser comunicada por escrito á Secretaría do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia coa suficiente anticipación.

- ✓ Órganos unipersoais:

1. A Presidencia: será exercida pola persoa elixida por maioría, por e de entre os/as membros da Asemblea Xeral
2. A Vicepresidencia: será exercida pola persoa nomeada pola Presidencia de entre os/as membros do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia